

Nunha análise non pormenorizada dos cambios acaecidos nos últimos anos na Universidade coa entrada en funcionamento de novos centros (ETSE de Minas, Biblioteca do campus de Ourense, ECIMAT de Toralla, Casa das Campás en Pontevedra) xéranse necesidades de dotación de persoal provisionalmente cubertas mediante contratacións temporais o que orixina unha importante problemática legal, situación que por responsabilidade debemos combater.

Outra situación que convén regularizar é a relativa ao Gabinete de Medios Audiovisuais da facultade de Ciencias Sociais. Na vixente RPT conta cun T.E. en Medios Audiovisuais con xornada partida. Na experiencia dos últimos anos, sobre todo a partir da implantación da titulación en Comunicación Audiovisual, vense afondando a sensación de precariedade deste Gabinete para atender a demanda crecente no centro polo que cómpre ampliar a dotación do mesmo.

Por isto proponse a consolidación en RPT das seguintes prazas

CENTRO	DENOMINACIÓN	Dotación	GR.	Q
ETSE Minas	A.T. Servizos Xerais	2	IV	M
ETSE Minas	A.T. Servizos Xerais	1	IV	T
ECIMAT Toralla	A.T. Servizos Xerais	1	IV	M
Biblioteca Ourense	A.T. Servizos Xerais	1	IV	M
Biblioteca Ourense	A.T. Servizos Xerais	1	IV	T
Casa das Campás de Pontevedra	A.T. Servizos Xerais	1	IV	M
F. CC. Sociais de Pontevedra	T.E. Medios Audiovisuais	1	III	M*
F. CC. Sociais de Pontevedra	T.E. Medios Audiovisuais	1	III	T

* Co cambio das características do posto actual en RPT.

Esta proposta foi aprobada polo Comité Intercentros e maila Xerencia na reunión mantida o luns 18 de xuño de 2007 na Sala de Xuntas da Xerencia.